

**ORDE pola que se establece o procedemento de comunicación polas entidades financeiras e depositantes de bens móbiles e saldos abandonados.**

A Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia atribúe á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia os valores, diñeiro e demais bens móbiles depositados na Caixa Xeral de Depósitos e en entidades de crédito, sociedades ou axencias de valores ou calquera outras entidades financeiras establecidas en Galicia, así como os saldos de contas correntes, libretas de aforro ou outros instrumentos similares abertos nestes establecementos, con respecto aos cales non se practicou ningunha xestión polas persoas interesadas que implique o exercicio do seu dereito de propiedade no prazo de vinte anos.

No artigo 89.4 da mencionada Lei establecése que as entidades depositarias estarán obrigadas a comunicar á consellería competente en materia de tesourería a existencia de tales depósitos e saldos na forma que se determine mediante orde da persoa titular da dita consellería.

O obxecto desta norma é aprobar o modelo da comunicación, así como a forma, prazos, condicións e o procedemento de comunicación por parte das entidades de crédito, sociedades ou axencias de valores ou calquera outra entidade financeira ou depositante establecida en Galicia, dos saldos e depósitos abandonados que corresponden á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública sinala que esta é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda e de función pública se establecen no Estatuto de autonomía, exercéndose as competencias en materia de



tesouraría pola Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro e as de patrimonio pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

Esta orde está composta de sete artigos, divididos en tres capítulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria e tres disposicións derradeiras. O primeiro capítulo regula as disposicións xerais, establecendo o obxecto, ámbito de aplicación e a obriga de declaración dos saldos e depósitos abandonados. O capítulo II, relativo ao procedemento de presentación, desenvolve tamén a forma, prazo e lugar de presentación da comunicación e o capítulo III, sobre as actuacións no procedemento, refírese tanto ás actuacións das entidades financeiras como da administración.

Mención especial debe facerse da disposición adicional segunda que, seguindo a interpretación realizada polo Estado -particularmente no seu Real decreto 467/2006, do 21 de abril, polo que se regulan os depósitos e consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores-, baixo a lexitimación da normativa relativa aos fondos e depósitos abandonados, que no caso de Galicia se concreta no sinalado artigo 89 da Lei 6/2023, prevé á atribución á Comunidade Autónoma tamén dos saldos renunciados e dos fondos abandonados na tramitación de procedementos xudiciais nos xulgados e tribunais localizados en Galicia.

Esta norma responde aos principios de boa regulación previstos na normativa vixente. Así, a orde atende aos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación que, de conformidade co disposto no artigo 103.1 da Constitución española, deben presidir a actuación administrativa e adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que establece o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e aos principios de simplicidade e accesibilidade recollidos tamén no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.



Deste xeito, en aplicación dos principios de necesidade e eficacia, a norma persegue un interese xeral por canto desenvolve o mandato legal contido no artigo 89.4 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo o procedemento para que as entidades de crédito, sociedades ou axencias de valores ou calquera outras entidades financeiras establecidas en Galicia comuniquen á Administración Autonómica a existencia dos saldos e depósitos abandonados. En cumprimento ademais dos principios de accesibilidade, de transparencia e de proporcionalidade, identifícanse claramente os obxectivos perseguidos coa norma e esta é o instrumento máis adecuado para conseguilos, contendo a regulación imprescindible para atender a necesidade referida. En aplicación do principio de eficiencia, a norma rationaliza a xestión dos recursos públicos e en virtude dos principios de simplicidade e de seguridade xurídica, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico, recollendo as modificacións necesarias, sendo a canle adecuada para facelo e, xerando un marco normativo estable, predecible, integrado, claro e certo, co obxectivo de que sexan fáceles o seu coñecemento e a súa comprensión.

O texto da orde foi sometido ao trámite de audiencia pública coas entidades financeiras regulado no artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Así mesmo, conta con todos os informes preceptivos, incluídos o informe tecnolóxico-funcional da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o informe da Asesoría Xurídica.

Como consecuencia, por proposta dos centros directivos competentes en materia de tesouraría e de patrimonio, no exercicio das facultades outorgadas polo artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, cos informes preceptivos e de acordo co Consello Consultivo de Galicia,



ACORDO:

## CAPÍTULO I

### **Disposicións xerais**

#### *Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación*

De acordo co artigo 89.4 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, esta orde ten por obxecto regular a forma, prazos, condicións e o procedemento de comunicación por parte das entidades de crédito, sociedades ou axencias de valores ou calquera outra entidade financeira establecida en Galicia, dos saldos, depósitos e bens móbiles abandonados que corresponden á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, entendendo por tales os depósitos e contas correntes en efectivo, os valores e os bens móbiles abandonados que poidan estar depositados en base a un contrato de servizo de caixa de seguridade.

#### *Artigo 2. Obriga de comunicación*

1. As entidades financeiras cumplirán coa obriga de presentar a comunicación á que se refire o artigo 89.4 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, mediante a presentación dunha comunicación única por entidade, cuxo modelo se aproba como anexo nesta orde, que comprenderá os saldos e depósitos abandonados en calquera das súas oficinas ou sucursais que operen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e con respecto aos que se cumprira o prazo e circunstancias establecidas no artigo 89.1 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, dentro do exercicio do ano anterior. No caso dos bens móbiles a comunicación comprenderá os contratos de depósito de valores, de depósito de bens móbiles, de servizo de caixa de seguridade ou asemellados aos anteriores.



2. A comunicación recollerá unha mención expresa de que, sobre os saldos, depósitos ou os bens móbiles existentes en caixas de seguridade incursos en presunción de abandono, non se practicou xestión ningunha polas persoas interesadas que implique o exercicio do seu dereito de propiedade no prazo de vinte anos, así como a indicación de que se realizou a notificación previa á que refire o artigo 5, ou no seu caso, os motivos polos que esta non se realizou.
3. No caso de non existir saldos, depósitos ou bens móbiles abandonados, se indicará esta circunstancia no modelo de comunicación.
4. O centro directivo competente en materia de tesouraría remitirá unha copia das comunicacóns presentadas ao competente en materia de patrimonio aos efectos do previsto no artigo 89.3 da Lei 6/2023, do 2 de novembro.

## CAPÍTULO II

### **Aprobación do modelo de comunicación e procedemento de presentación**

*Artigo 3. Aprobación do modelo de comunicación e presentación de documentación*

1. Apróbase o modelo de comunicación única por entidade en formato electrónico que aparece como anexo nesta orde.
2. Coa dita comunicación, as entidades financeiras achegarán un ficheiro co formato que se determine no modelo de comunicación publicado na sede electrónica da Xunta de Galicia e nel deben incluírse, segundo o tipo de saldo ou ben móbil abandonado, os datos que se indican nos seguintes apartados.
3. No caso de saldos abandonados en contas en metálico o ficheiro recollerá os seguintes datos:
  - a) Código Conta Corrente ou depósito en efectivo.



- b) Identificación do depositante ou titular da conta: nome, apelidos ou razón social e NIF.
- c) Data da última operación en conta ou data de constitución do depósito: que será anterior ao primeiro de xaneiro do ano actual menos vinte anos.
- d) Importe do depósito ou saldo da conta, en euros.
- e) Indicación da realización e da data da notificación prevista no artigo 5 desta orde, ou no seu caso, os motivos polos que esta non se realizou.

3. No caso de saldos abandonados en depósitos de valores negociables, valores negociables débeda pública e resto de valores o ficheiro recollerá os seguintes datos:

- a) Tipo de depósito de valor (valor negociable, valor negociable débeda pública ou resto de valores)
- b) Código Conta Valores.
- c) Identificación do depositante: nome e apelidos ou razón social e NIF.
- d) Data da última operación: que será anterior ao primeiro de xaneiro do ano actual menos vinte anos.
- e) Entidade Emisora.
- f) Número de Identificación Fiscal da Entidade Emisora (Campo obligatorio salvo na Sección III, Resto de Valores e Títulos Valores).
- g) Número de Títulos depositados.
- h) Referencia Técnica.
- i) Valor Nominal Unitario.
- j) Cotización media.

4. No caso de depósitos en bens mobles ou caixas de seguridade abandonados o ficheiro recollerá os seguintes datos:

- a) Código de identificación do contrato de depósito.
- b) Identificación do depositante: nome e apelidos ou razón social e NIF.
- c) Oficina ou sucursal na que se atopa o depósito.
- d) Data do último acceso.



#### *Artigo 4. Forma, lugar e prazo de presentación da comunicación*

1. A comunicación, segundo o disposto na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, presentaranse obligatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado dispoñible, que se inclúe no anexo I na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). O código na Guía de procedementos e servizos é **FXXX**.

Esta comunicación realizarase indicando no modelo o tipo de ben incuso en abandono. Xunto coa comunicación achegarase o ficheiro externo en formato correspondente co contido sinalado no artigo anterior. Unha vez incorporados os datos tras a transmisión do arquivo, mostrarse a comunicación cos datos transmitidos en pantalla.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación da comunicación será o primeiro trimestre natural de cada ano e irá dirixida ao centro directivo competente en materia de tesourería.

## CAPÍTULO III

### **Actuacións no procedemento**

#### *Artigo 5. Actuacións das entidades financeiras*

1. As entidades financeiras, aos efectos de formular a comunicación a que se refire o artigo 2, realizarán todas as actuacións que sexan necesarias coa finalidade de



comprobar e garantir que non se realizou ningunha xestión que implique o exercicio do dereito de propiedade sobre os saldos, depósitos e bens móbiles baixo a súa custodia.

2. Coa finalidade de que a persoa titular dos saldos, depósitos e bens móbiles poida reivindicar o seu dereito para dispor dos mesmos, a entidade declarante deberá, polo menos tres meses antes do transcurso do prazo que se indica no artigo 89 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, efectuarlle unha notificación, a cargo daquel, mediante correo certificado ou medio análogo de custo non superior e equivalente eficacia. Non procederá efectuala cando o seu custo supere o importe dos fondos incursos en presunción de abandono.

A mencionada notificación dirixirse ao enderezo da persoa titular que conste na entidade declarante, advertindo de que non efectuou ningunha xestión sobre tal fondo, así como o prazo que resta para que acade a condición de abandonado.

3. As entidades que presentaran a comunicación quedarán obrigadas a facilitar aos titulares dos fondos, ou aos seus habentes causa, se así o solicitasen, certificación de que aqueles se entregaron á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, con indicación expresa da data da súa comunicación.

#### *Artigo 6. Resolución respecto ao saldo en depósitos e contas correntes en efectivo*

1. Á vista da comunicación recibida e dos demais antecedentes que se xulgue necesario requirirlle á entidade que presentou a comunicación, a persoa titular do centro directivo competente en materia de tesourería, adoptará a resolución que declare, se procede, abandonados e incorporados ao patrimonio da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o saldo en depósitos e contas correntes en efectivo.

2. Esta resolución notificarase á entidade que presentou a comunicación. Na dita notificación cursaranse as oportunas instrucións para o ingreso no Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia dos saldos e depósitos en metálico e deberase



remitir o xustificante correspondente ao centro directivo competente en materia de tesourería.

*Artigo 7. Resolución respecto ao resto dos bens e depósitos*

1. Á vista da comunicación recibida e dos demais antecedentes que se xulgue necesario requirirlle á entidade declarante, a persoa titular do centro directivo competente en materia de patrimonio, adoptará a resolución que declare, se procede, abandonados e incorporados ao patrimonio da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia os bens móveis en depósito ou en custodia en caixas de seguridade ou noutros contratos semellantes, así como, en todo caso, os saldos, restantes aos previstos no número 1 do artigo 6.
2. Esta resolución notificarase á entidade que presentou a comunicación, indicando as oportunas instrucións sobre as actuacións que deba realizar respecto dos correspondentes saldos, depósitos ou bens móveis, entre as que se poderán incluír as seguintes:

- a) A liquidación dos valores e demais instrumentos financieros e o posterior ingreso do saldo resultante no Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia.

De non ser posible esta liquidación, procederase ao traspaso dos valores e demais instrumentos financieros á conta de depósitos que designe a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ingresándose no Tesouro o importe dos xuros e dividendos a que houbese lugar, debendo remitir o xustificante correspondente ao centro directivo competente en materia de tesourería.

- b) No caso doutros bens móveis, a designación de dous representantes do órgano directivo competente en materia de patrimonio que concertarán o acto de entrega dos bens ou de apertura das caixas de seguridade nas que se custodien, que se realizará nun prazo non superior a un mes, levantándose acta dos bens depositados ou custodiados na entidade que se recepcionan.



#### Disposición adicional primeira. *Caixa Xeral de Depósitos*

Os depósitos en presunción de abandono na Caixa Xeral de Depósitos rexeranse polo réxime previsto na súa normativa específica.

#### Disposición adicional segunda. *Conta de saldos renunciados e fondos provisionalmente abandonados en xulgados e tribunais no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia*

1. O órgano directivo competente en materia de tesourería habilitará unha conta específica para saldos renunciados e fondos provisionalmente abandonados en xulgados e tribunais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 89 da Lei 6/2023, do 2 de novembro.
2. En canto ás cantidades a ingresar na citada conta, prazos e procedemento seguirase o establecido no artigo 14 do Real Decreto 467/2006, de 21 de abril, polo que se regulan os depósitos e consignacións xudiciais en metálico, de efectos ou valores.
3. Transcorrido o prazo para que os fondos desta conta se consideren abandonados polos seus titulares, o órgano directivo competente en materia de tesourería ordeará o seu ingreso no Tesouro da Comunidade Autónoma, logo do seu anuncio de prescripción de depósitos a favor da Comunidade Autónoma, que se publicará no Taboleiro Edital Único do Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da consellería competente en materia de facenda.
4. O órgano directivo competente en materia de patrimonio requirirá ao órgano competente da Administración Xeral do Estado a identificación daqueles fondos provisionalmente abandonados que vaian acadando o prazo de prescripción do citado artigo 89 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, que pertenzan á Comunidade Autónoma de Galicia para o seu ingreso no Tesouro.



#### Disposición transitoria única. *Réxime transitorio*

As comunicacións correspondentes ao ano 2024 e 2025 efectuaranse con suxección a esta norma e deberán presentarse no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte á entrada en vigor desta orde. Deberá facerse unha comunicación por cada ano.

#### Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Autorízase ás persoas titulares dos centros directivos competentes en materia de tesouraría e do patrimonio para ditar, no marco das súas respectivas competencias, as instrucións necesarias para a aplicación desta orde.

#### Disposición derradeira segunda. *Modificación do anexo*

Habilítase ás persoas titulares dos centros directivos competentes en materia da tesouraría e do patrimonio a modificar ou actualizar, mediante resolución publicada no Diario Oficial de Galicia, o anexo a esta orde, cando sexa preciso como consecuencia da modificación das normas legais ou regulamentarias, avances tecnolóxicos, cambios de sistemas ou calquera outra circunstancia que precise a correspondente plasmación no dito anexo.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, XX de XX de 2025

Miguel Corgos López- Prado

Conselleiro de Facenda e Administración Pública

PROCEDIMENTO	CÓDIGO DE PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
<b>COMUNICACIÓN SALDOS E DEPÓSITOS ABANDONADOS</b>	<b>AA000A</b>	<b>COMUNICACIÓN</b>

**DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE**
**IDENTIFICACIÓN**

DENOMINACIÓN	NIF
Seleccione	

RAZÓN SOCIAL

**ENDEREZO**

PAÍS

Seleccione

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
Seleccione					

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
	Seleccione	Seleccione	

PARROQUIA

LUGAR

**CONTACTO**

PREFIJO	TELÉFONO 1	PREFIJO	TELÉFONO 2
Seleccione		Seleccione	

CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en derecho)

**IDENTIFICACIÓN**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaránse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móvil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

**OBXECTO DA COMUNICACIÓN**

COMUNICACIÓN POSITIVA DE:

- Saldos abandonados en contas en metálico
- Saldos abandonados en depósitos de valores negociables
- Saldos abandonados en depósitos de valores negociables de débeda públicas
- Saldos abandonados en depósitos de valores-resto de valores
- Depósitos de bens móbiles ou caixas de seguridade abandonados

COMUNICACIÓN NEGATIVA DE:

No exercicio (despregable de ano/cubrir manualmente) non existe ningún dos saldos e depósitos de bens móbiles ou caixas de seguridade abandonados relacionados no apartado anterior

**[A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:]**

- 1. Que, en relación os saldos e depósitos abertos nesta entidade, non se practicou ningunha xestión polar persoas interesadas que implique o seu dereito de propiedade no prazo de vinte anos.
- 2. Que, esta Entidade efectuou as notificacións previas aos titulares dos saldos e depósitos de acordo co establecido no artigo 5 da Orde do XX de XX de XXXX pola que se establece o procedemento de comunicación polas entidades financeiras e depositantes de bens mobles e saldos abandonados
- 3. Que todos os datos contidos nesta comunicación e nos demais documentos que se achegan son certos.
- 4. Que.....

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Saldos abandonados en contas en metálico. [Ficheiro formato XML](#)
- Saldos abandonados en depósitos de valores negociables [Ficheiro formato XML](#)
- Saldos abandonados en depósitos de valores negociables de débeda públicas [Ficheiro formato XML](#)
- Saldos abandonados en depósitos de valores-resto de valores [Ficheiro formato XML](#)
- Depósitos de bens mobles ou caixas de seguridade abandonados [Ficheiro formato XML](#)

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Facenda e Administración Pública.
Finalidades do tratamento	Tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario para ditar a correspondente resolución e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamiento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamiento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable, en concreto na <i>Lei 6/2023, do 2 de novembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia</i> .
Destinatarios dos datos	Os datos persoais serán comunicados á Consellería de Facenda e Administración Pública para a tramitación e resolución deste procedemento.
Exercicio de derechos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

... Lei 6/2023, do 2 de novembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

... Orde do \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_ pola que se establece o procedemento de comunicación polas entidades financeiras e depositantes de bens mobles e saldos abandonados [(código de procedemento XXXXXX)] [(*Diario Oficial de Galicia* número ---, do-- de --)]

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,	de	de	
---	----	----	--

**Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro  
Consellería de Facenda e Administración Pública**